

PROXECTO BASES PARA A I EDICIÓN DA CAMPAÑA DE NADAL DE PROMOCIÓN TURÍSTICA EN APOIO AO COMERCIO LOCAL “NESTE NADAL, CONSUMIR E MERCAR EN MONFERO, TERÁ PREMIO”

1.OBXECTIVO

O Concello de Monfero organiza unha Campaña de Nadal de promoción turística do Concello en apoio ao comercio local e hostalaría co fin de concienciar á veciñanza da importancia de realizar as compras no comercio local e hostalaría de Monfero, e axudar a contribuír no desenvolvemento económico, social e dinamizador do noso Concello. As compras realizadas no comercio local e hostalaría de Monfero reciben unha atención máis personalizada e adecuada ás necesidades de cada cidadán, garantíndolles unha maior calidade e confianza, que outros sectores non prestan dese xeito, de aí a obriga de incentivar as vendas como impulsor da economía local e dinamización de sinerxías produtivas do consumo racional. Deste xeito, pretende recompensar a fidelidade dos compradores habituais , buscando, fundamentalmente, que tanto a xente que vive, como a que pasa pola localidade, merquen e consuman en Monfero.

2.OBXECTO

Estas bases establécense coa finalidade de regular a nova Campaña de Nadal para a promoción turística de apoio ao comercio local e hostalaría de Monfero, garantindo a igualdade de trato entre todos os participantes.

Entenderanse aceptadas polos participantes polo feito de participar na campaña e cubrir as papeletas cos seus datos..

3.DURACIÓN DA CAMPAÑA

A duración total da campaña será ata o 11 de xaneiro de 2026.

4.REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar nesta Campaña de Nadal , todos os establecementos con tenda física en Monfero.

5.PROCEDEMENTO

Para participar nesta campaña só é necesario facer unha compra ou recibir a prestación dun servizo por valor de 10 euros ou máis ou consumir por valor de 5 euros ou máis, nalgún dos establecementos locais, que se sumen á campaña, orientada a negocios de alimentación; farmacia; herboristería; servizos de perruquería; alimentación de mascotas; venda de produtos agrícolas, forestais e gandeiros; bares, cafeterías e restaurantes; talleres de reparación de vehículos. O Concello entregará a cada un dos negocios participantes os boletos para cubrir pola clientela. Ademais,

facilitará o cartel da campaña e a urna de cartón para o depósito dos boletos. Materiais promocionais, que deberán estar colocados nun lugar ben visible.

6.PREMIOS

O Concello repartirá 2000 € en premios distribuídos da seguinte maneira: • 6 vales por valor de 100€ • 4 vales por valor de 200€ • 2 vales por valor de 300€

7.MECÁNICA DO SORTEO, NOTIFICACIÓN DE GAÑADORES/AS, E ENTREGA

Os clientes e clientas que, cumprindo os requirimentos establecidos (mercar e consumir nos establecementos de Monfero adheridos á campaña), queiran participan no sorteo, deberán cubrir a papeleta cos datos de contacto (nome, apelidos e teléfono) e depositala na urna ou caixa, que estará á súa disposición no propio negocio. Só poderán figurar datos de persoas maiores de idade. Unha vez finalizada a campaña, o Concello recollerá as urnas dos negocios debidamente precintadas, e levará a cabo o sorteo público no Salón de Sesións do Concello ás 11:00 horas do día 14 de xaneiro. En presenza do secretario municipal, que dará fe do acto, e o Alcalde, abríranse e baleiraranse as caixas entregadas, xuntándose as papeletas recollidas na totalidade dos negocios, e, deseguido, extraeranse ao azar as papeletas gañadoras, outorgándose primeiro os premios de maior importe. Os premios serán non acumulables polo que, no caso de que saían dous boletos da mesma persoa, procederase a extraer outro ata que haxa 12 gañadores/as diferentes. Non se aceptarán como gañadores aos familiares de primeiro grao dos titulares dos negocios, nin eles mesmos, cando a papeleta corresponda ao seu propio establecemento. Para controlar isto levarase un rexistro coa numeración das papeletas entregadas a cada negocio. O Concello de Monfero contactará na mesma xornada do sorteo coas persoas agraciadas para convocalas á entrega simbólica dos vales regalo, que terán que gastar nos establecementos adheridos á campaña.

8.TRATAMENTO DE IMAXES E DATOS

Como consecuencia da participación na campaña e no sorteo, o Concello de Monfero recollerá os datos que os clientes e as clientas terán que incluír nas papeletas. A entidade local só tratará os datos para a xestión do sorteo e, unha vez finalizado, sen reclamación ningunha, que só poderán realizarse con anterioridade ao remate do acto do sorteo, se procederá a súa destrución, agás aquelas correspondentes aos premiados. A base lexítima do tratamento é o consentimento que prestan as persoas que, de forma voluntaria, aportan os seus datos. O nome das persoas agraciadas e a súa imaxe poderá publicarse no taboleiro de anuncios municipal, en medios de comunicación e redes sociais municipais.

9.MÉTODO DE PAGO

As persoas que resulten agraciadas cun vale regalo, deberán presentar ese vale xunto co/s ticket/s do/s establecemento/s onde gastou o importe do premio nas oficinas de Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9:00 a 15:00 de luns a venres. Alí, deberán

cubrir unha Instancia Xeral na que facilitará o seu número de conta onde quere que se lle faga o ingreso polo importe concedido. Mais información no momento da entrega dos cheques.

10.OBRIGAS DOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES • Os establecementos comprométense a colocar nun lugar visible e en bo estado o cartel da Campaña de Nadal durante todo o período. • Comprométense a cumprir os prazos da Campaña. • Cada establecemento participante, comprométese a facer un uso responsable da Campaña e acatar as bases.

11.OBRIGAS DO CONCELLO • O Concello porá a disposición dos establecementos participantes a cartellaría para dar publicidade a Campaña de Nadal, que poderán descargar na páxina web municipal e farase cargo tamén da impresión das papeletas de participación e dos vales regalo. • O Concello promocionará e potenciará a Campaña de Nadal, en prensa escrita, radio, redes sociais, páxina web, así como en todos aqueles medios adaptados para a súa difusión. • O Concello comprométese a facer un seguimento da Campaña e resolver cantas cuestións xurdan durante o desenvolvemento da mesma.

12.OUTRAS CONSIDERACIÓNS • Os vales regalo só poderán ser canxeados con tickets de establecementos participantes de Monfero. • Non se abonará ningún vale que non achegue ticket ou tickets de compra. • Os tickets de compra deberán conter datos obrigatorios como: > Nome do establecemento ou razón social > NIF/CIF > Enderezo • O Concello resérvase o dereito a modificar a forma, os premios, a dinámica ou as datas da Campaña por causas a determinar, así como a interromper en calquera momento a continuidade da mesma, sexa temporal ou definitivamente por motivos seguridade ou forza maior ou calquera outra causa xustificada que así o poida aconsellar, sen que isto poida derivar ningunha responsabilidade ao Concello de Monfero nin dereito aos establecementos participantes a percibir ou reclamar calquera tipo de indemnización. • O Concello reservase o dereito a dar de baixa da Campaña a calquera participante que realice un mal uso da mesma. O Concello de Monfero NON SE RESPONSABILIZA das posibles incidencias, de calquera tipo, que puideran xurdir durante o desenvolvemento da Campaña. • As presentes bases aparecerán recollidas e estarán colgadas na Páxina Web do Concello de Monfero durante o período da Campaña de Nadal. • Os clientes que resultes agraciados cos vales regalo, comprométense a gastalos nos establecementos de Monfero.

13.ACEPTACIÓN DE BASES

A participación no sorteo supón a aceptación íntegra das presentes bases por parte dos negocios e da clientela.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo